


BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA



DM
1989

Estudios de Orientación Universitaria
N.º 2 - Novembro - 1989

Susan Kirkpatrick, *Las Románticas. Women Writers and Subjectivity in Spain. 1835-1850*, University of California Press, Berkeley e Los Angeles 1989. 367 pp., US\$40.

Ven de publicarse outro libro, en inglés, da crítica norteamericana e especialista na literatura do século XIX, Susan Kirkpatrick. A estrutura é a seguinte: unha introducción moi ampla sobre o *eu* romántico e o xénero (no senso sexual, non no literario); tres capítulos que tratan o suxeito romántico, o liberalismo e as escritoras do romantismo español; dous capítulos sobre a prosa a maila poesía de Gertrudis Gómez de Avellaneda; un capítulo encol da lírica de Carolina Coronado; un capítulo sobre Cecilia Böhl e, finalmente, a extensa conclusión sintetizadora. A parte crítica vai acompañada dun apéndice con poemas da Avellaneda e da Coronado que non están recollidos en edicións do século actual.

O enfoque principal é, como o indica o subtítulo, a creación dunha subxectividade propiamente feminina na España dun período concreto. Un dos aspectos máis valiosos do traballo de Kirkpatrick é esta atención ao contexto histórico-social das tres escritoras comentadas. Para estruturar o seu comentario, Kirkpatrick emprega unha utilísima e acertada escolma de bibliografía de diversos eidos: a crítica literaria referente ao Romantismo; a documentación histórica e xornalística da época; as análises feministas de recente aparición e, finalmente, a perspectiva da crítica literaria última que salienta o tema do suxeito ou a súa desaparición. O xeito de integración deste material é ameno e convincente, xa que leva ó continuo reforzo das observacións da autora, evidentemente capacitada polos seus coñecementos do século XIX. Mesmo podería chegarse a preferir o labor de Kirkpatrick de síntese por riba dos comentarios de textos que ofrece, aínda que con isto de ningunha maneira se quere indicar que estes sexan un desdouro dentro da totalidade da obra. Quizais por motivos persoais, o estudo textual que máis nos atrae é o da prosa da Avellaneda. Neste capítulo, a autora explica con tino crítico o desenrolo e posicións dos protagonistas de *Sab* e comproba un argumento de P. Waugh (no seu *Feminine Fictions. Revisiting the Postmodern*, 1989) de que as escritoras feministas se interesan máis polo suxeito múltiple ou integrado na sociedade ca polo individualismo. De ser así, a novela da Avellaneda é dunha modernidade sorprendente.

No estudio de Susan Kirkpatrick, Carolina Coronado resulta menos comprometida na superficie, coa creación dun suxeito feminino literario. Nembargantes, os exemplos que se propoñen son unha convincente mostra da tese adiantada pola crítica norteamericana de que esta escritora española tivera conciencia do seu traballo e do seu contexto, á vez favorecedor e limitado. As vacilacións da Coronado, respecto á escrita e á muller, están planteadas con medida e convidan a futuros investigadores a proseguir o estudio da obra da extremeña.

A terceira das novelistas de *Las Románticas* é a máis alonxada da preocupación por inscribir o feminino no contexto romántico. Mais o mesmo contraste de Fernán Caballero coas outras dúas concede ao libro unha perspectiva máis completa. Antirromántica e antifeminista, a contradición *muller/artista* na vida e obra de Fernán Caballero sinala a condición xeral desa época, na que, a pesar de todo, “o outro sexo” comezou a producir textos e a facer escoitar a súa voz dentro do dominio masculino. Só compre advertir que a tese de Kirkpatrick -e ela non é, por certo, a única, respecto disto- de que optar polo convento, como fai María Santaló en *La Gaviota*, é unha superación do desexo e un rexeitamento do poder patriarcal, é unha tese que a algúns críticos non lles resultaría de todo aceptable.

Na conclusión, atópase un bo resumo dos aspectos fundamentais dos participantes e factores asociados co proceso de inscrición do feminino no suxeito ou da súa represión pola sociedade, e mesmo das escritoras románticas. A referencia a escritas a favor do “anxo do fogar”, propagadas arredor de 1850, como explicación do paso atrás que dan a Avellaneda e a Coronado, resulta ser outra invitación a afondar no estudio do contexto histórico e o conflito ocasionado pola súa causa nas autoras.

Xa que logo, o plan de *Las Románticas* é enfocar o período 1835-1850, pero as alusións a Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro merecen aquí atención. Sería interesante suliñar a procedencia galega destas tres, que teñen unha nacionalidade histórica de moitísima importancia no desenrolo da súa obra. No caso de Rosalía de Castro, e sen quereremos esixirlle a Kirkpatrick que o fixese, coidamos que compriría salientar a súa novelística máis do que a poesía, dado que na prosa desta escritora atopamos numerosos exemplos dunha conciencia feminina e feminista da muller que asume o controvertido papel de “literata”. Finalmente, notamos que, agás dunha cita de “Viudas dos vivos e viudas dos muertos” (sic), non hai referencias á nutrida bibliografía recente en galego sobre Rosalía, que debe interpretarse posiblemente como un indicio de que estudos como os de Catherine Davies, Francisco Rodríguez e moitos máis, por estaren escritos en galego, aínda se atopan coa vella barreira lingüística fóra das fronteiras de Galicia.

En resumo, pola precisión da análise, o enfoque concreto e ben sustentado das súas observacións, *Las Románticas* é un libro imprescindible para especialistas na literatura peninsular decimonónica. Sen ser un estudio feminista do tipo que desagrada a certos especialistas máis tradicionais, o traballo de Susan Kirkpatrick representa un intento de sistematizar unha perspectiva que ata o de agora estaba a ser expresada dun xeito fragmentario ou limitado por non ter en conta o feito de ser a dunha muller.